

XOGUETES SEGUROS



Esta é unha guía para mercar xoguetes seguros. No entanto, a seguridade dun xoguete vai alén da súa compra, polo que tamén é importante que:

- ☑ Vixíe o xogo dos seus fillos e das súas fillas, e asegúrese de que adoptan condutas seguras.
- ☑ Tome o tempo necesario para aprenderlles o uso correcto dos xoguetes.
- ☑ Comprébeos con regularidade e desbóteos cando rompan.

TER EN CONTA

- ☑ Observe se é axeitado para a idade do neno. Atenda de maneira especial á advertencia: "Non recomendado para menores de 3 anos".
- ☑ Comprobe que leva a marca "CE", que indica que o xoguete é seguro.
- ☑ Comprobe a etiqueta, e lea as instrucións, con especial atención a advertencias de riscos e indicacións de seguridade.
- ☑ Conserve as instrucións, a garantía e os tickets de compra.

EVITAR

- ☑ Influenciarse pola publicidade e polo aspecto da caixa.
- ☑ Xoguetes violentos e sexistas.
- ☑ Xoguetes sen etiquetas e instrucións en galego ou español.
- ☑ Riscos dos elementos da embalaxe: grampas, bolsas de plástico...
- ☑ Bordos cortantes e puntas agudas.
- ☑ Partes pequenas desprendibles en xoguetes para os máis pequenos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

INSTITUTO
GALEGO DE
CONSUMO